

Unhas palabras sobre o escritor Manuel Lueiro Rei

Xesús Alonso Montero

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

ALONSO MONTERO, XESÚS (2011 [1991]). “Unhas palabras sobre o escritor Manuel Lueiro Rei”. *Dorna*: 17, 83-84. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/631>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

ALONSO MONTERO, XESÚS (1991). “Unhas palabras sobre o escritor Manuel Lueiro Rei”. *Dorna*: 17, 83-84.

* Edición dispoñíbel desde o 13 de abril de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

UNHAS PALABRAS SOBRE O ESCRITOR MANUEL LUEIRO REI

Xesús Alonso Montero

Durante anos e anos Lueiro foi un escritor solitario, *en solitario*. Residía no Grove, unha illa desvencellada de toda relación literaria, e traballaba, "pro pane lucrando", na Delegación de Facenda de Pontevedra, un ermo burocrático. Quen sitúe estes dous ermos no mísero mapa intelectual dos primeiros anos da Era de Franco, tan avaros de incitacións, empezará a entender a figura e a magnitude deste escritor en solitario e á intemperie. Foi Lueiro un caso extraordinario de vocación e de paixón de escritor. Só así.

Sen embargo, non era o máis abafante a miseria intelectual; o máis mesto era a miseria moral, que chegaba á boca. Nunha sociedade carente de incitacións intelectuais dignas de tal nome, a gran incitación para Lueiro, paradoxicamente vai se-la presenza, mesta e omnipresente, da mediocridade moral. Lueiro estaba feito desta madeira. A escritura, a literatura opera, dalgún xeito, como salvación.

Desde o principio da súa carreira de escritor hai nas páxinas de Lueiro elementos de protesta ou de denuncia, ás veces, por pequenos que fosen, excesivos, porque excesiva era a peneira inquisitorial da Censura daqueles anos. Aínda en 1969 un bravo e conmovedor canto a Castelao foi mutilado gravemente pola gadoupa desta institución oficial.

Xa na Democracia, en 1977, Lueiro recolle parte dos seus poemas galegos no volume que el mesmo titula *Escolma ferida*, onde a ferida son os homes mancados por unha historia que o noso poeta, rebelándose, conta: conta esa historia e canta a eses homes.

Eran datas aquelas (1977) nas que aínda non fora ridiculizada ou aldraxada, polos *mixiriqueiros*, a poesía civil, e escribía un capitán chamado Celso Emilio Ferreiro. Pouco tempo despois, certos mixiriqueiros chegaron ó Poder e, desde alí, dun xeito ou doutro, marxinaron a canción que, sen deixar de ser canción, era espada tamén.

É certo que Lueiro, tan *radical* (que ven de *raíz*), foi un poeta decididamente xusticieiro, ás veces tan belixerante que, neses casos, a espada brillaba máis cá canción. En ocasións, pois, Lueiro esquecía aquel principio aristotélico segundo o cal



en liteatura a realidade, que sempre debe se-lo punto de partida, endexamais debe se-lo punto de chegada. Así era Lueiro nos momentos en que o cidadán semiocultaba ó poeta.

Consecuentemente, Lueiro tiña coraxe, unha das condicións de certo tipo de intelectual, e por ter coraxe, por non ter medo a certas modas e ós Mixiriqueiros (esta vez con maiúscula) publica ¡en 1988! (¡jou, deuses da Posmodernidade!) un libro titulado *Nova escolma ferida*, que adica ó seu camarada, xa morto, Lorenzo Varela, aquela rexa voz do exilio.

Na Galería Sargadelos de Madrid, de esq. a dereita El Indio Juan, Manuel Lueiro, Aurora de Albornóz e Lorenzo Varela, poucos días antes do falecemento deste último en 1978.

II

Coñecín a Manolo (o nome para os amigos) en 1966 nunha homenaxe semiclandestina a Antonio Machado, organizada por Luís Cochón e outros estudantes compostelanos; un ano despois intervimos, en París, nun acto de exaltación da figura de Curros Enríquez. Non son casuais estes dous nomes: nin a grave voz moral de don Antonio nin o verso rebelde do gran poeta de Celanova. Daquelas xornadas datan, creo, os seus primeiros poemas en lingua galega. En efecto, Manolo Lueiro escribía, desde había bastantes anos, en castelán, o idioma da súa mellor prosa e, quizais, dalgúns dos seus mellores versos. Nese idioma, nun tempo tan menesteroso, un escritor tan alleo a grupos galeguistas, iniciara a súa persoal salvación. Era o seu castelán un castelán labrado e coidado, un castelán escrito con frución, que outra non debe ser a relación do escritor coa palabra, calquera que sexa o idioma. Había nas súas páxinas unha miguiña de retórica, esa dimensión que Unamuno gabara en nós, os galegos, e que lle acae tan ben a algúns textos de Lueiro. Penso, sobre todo, na novela *Manso* (1967), arrepiante parábola dos perdedores da guerra civil.

Coa radical, expresión dunha radical conciencia crítica: a voz e a palabra dun rigoroso cuestionador na vida, na prensa, no relato, nos versos. Por iso, quizais por iso, é polo que, ás veces, a súa canción de poeta tiña máis destellos de espada que de canción.